

Entrevista | María Jesús Escudero

ALCALDESA DE MOS

«Temos a aspiración conxunta de acadar o pleno emprego en Mos»

A rexidora comprométese a consensuar cos empresarios os criterios a seguir para o deseño do polígono de Arrufana; un proxecto no que terán preferencia as empresas do municipio

PABLO CARBALLO

MOS

■ A alcaldesa de Mos, María Jesús Escudero, segue con moita expectación o inicio das obras do novo polígono.

—**¿Con qué obxectivo nace o polígono empresarial da Veigadaña?**

—Eu quero que se ordene o municipio, é un vello desexo dos empresarios, por iso é moi importante que empecemos a ver xa as obras. O obxectivo é reubicar ás empresas de Mos e dar a oportunidade a outras empresas que queiran instalarse no municipio, e que demanden suelo industrial. Pero ten que facerse de forma ordenada e consensuada.

—**¿Foi importante a persistencia do empresariado para conseguir o proxecto?**

—A colaboración da Asociación de Empresarios de Mos

foi imprescindible dende o principio. Eu quero seguir traballando con eles. Todos os traballos que realizamos dende o Centro de Desenvolvemento Local, para coordinar emprego e formación, os estamos a facer da man do empresariado. De feito, a nosa aspiración conxunta, coa entrada en funcionamento dos novos polígonos, é acadar o pleno emprego no municipio.

—**¿Cómo foi ese proceso de colaboración na formación?**

—Primeiro fixemos un estudo coa Universidade de Vigo no que se recollían as necesidades das empresas ubicadas en Mos e, a partir de aí, deseñamos co empresariado os cursos de formación

—**Sen embargo moitas medianas e pequenas empresas de Mos quedarán fóra do**

primeiro polígono.

—Por iso terán que ter un trato preferencial no segundo polígono, o de Arrufana. Quero contar con todos os grupos municipais e sobre todo coa Asociación de Empresarios, que son os que mellor coñecen a situación real destas empresas asociadas, para elaborar conxuntamente os criterios a seguir no pliego de condicións e unha vez que o teñamos puntuar con total transparencia qué empresas deben estar nese segundo polígono.

—**¿Qué servicios están previstos para atender a nova infraestrutura?**

—Haberá unha gardería infantil, un punto limpo, instalacións deportivas e un centro para que os empresarios poidan marcar as pautas en colaboración có Concello.



ÓSCAR VÁZQUEZ

A alcaldesa manterá novas reunións cós empresarios

**Eleko Galicia****Eleko Galicia****ALMACENES DE MATERIAL ELÉCTRICO**

Eleko Galicia es una empresa especializada en la comercialización y venta de toda clase de material eléctrico, que aporta tanto soluciones como asesoramiento técnico y formación a nuestros clientes, lo que nos lleva a crecer e impantarnos en las principales ciudades gallegas.

A la Vanguardia en suministros industriales y navales

**VIGO.: Avda. del Rebullón, s/n.
Mos - Pontevedra. 36416
Telf.: 986 42 22 55**



**CORUÑA: C/ Pasteur 11 - 13. Naves 5 y 13.
Pol. La Grela. Bens. 15008
Telf.: 981 16 00 00 / 981 14 58 40**

Accesorios para cables
Accionamientos de velocidad
Automatismos y control de potencia
Automatización y Comunic. Industrial
Calefacción
Canalización y Bandejas
Conductores
Conexión Electrónica
Corte y Protección
Herramientas
Iluminación
Material Antideflagrante
Material Instalación industrial
Material Instalación MT
Material Instalación Vivienda
Medición y Control
Megafonía y CCTV
seguridad Industrial
Ventilación y Maquinaria